

28
abril
2018

día internacional
da seguridade
e a saúde no traballo

traballo
seguro



É A TUA SAÚDE, É O TEU DEREITO

Co gallo do 28 de Abril, Día Internacional da Seguridade e a Saúde no Traballo, CCOO e UGT reivindicamos o **traballo seguro** como forma de garantir o dereito á saúde das persoas traballadoras.



■ TRABALLO SEGURO É COMBATER A PRECARIIDADE

A crise, as reformas laborais e o desmantelamento da negociación colectiva contribúen á extensión dun modelo de relacións laborais baseado na precariedade. Temporalidade, contratación a tempo parcial non desexada, escasa duración dos contratos, alta rotación no emprego, ou mesmo falta de relación laboral baixo o paraugas dunha falsa e mal chamada «economía colaborativa», están deteriorando de maneira grave as condicións laborais. O incremento de intensidade e ritmos de traballo, o aumento das esixencias emocionais ou a renuncia a exercer dereitos por medo a perder o emprego están tendo graves consecuencias na saúde e na seguridade da clase traballadora. Pero ademais, no contexto de desigualdade en que vivimos, hai colectivos que o sofren con especial rigor: mulleres, xuventude, migrantes, traballadoras e traballadores de idade avanzada ou con diversidade funcional.

■ TRABALLO SEGURO É PREVIOS ACCIDENTES LABORAIS

Desde 2013, coincidindo coa aplicación da reforma laboral, vimos sufrindo un constante incremento da sinistralidade laboral. Nestes cinco anos faleceron 3014 traballadores e traballadoras en accidente laboral, e a incidencia dos accidentes de traballo durante a xornada laboral aumentou un 16 %. Todo isto a pesar da deficiente e interesada catalogación dos accidentes: accidentes con graves consecuencias e longos períodos de recuperación notificados como leves e accidentes leves que non se rexistran; a pesar de que figuras como o «descanso preventivo» ou os «permisos retribuídos» que ocultan os accidentes sen notificar se estenden polas empresas españolas. E o que é peor, cada vez máis traballadoras e traballadores renuncian ao seu dereito a recuperar a saúde por medo a perder o seu posto de traballo.

■ TRABALLO SEGURO É DECLARAR AS ENFERMIIDADES ORIXINADAS POLO TRABALLO

O que non se rexistra non se prevén. Existe un enorme subregistro das enfermidades de orixe laboral debido á mala praxe das mutuas na determinación das continxencias, que derivan enfermidades profesionais aos servizos públicos de saúde para que sexan tratadas como continxencias comúns, lastrando así a prevención de riscos nas empresas e colapsando os servizos públicos de saúde. A isto engádese que, desde o 2013, a cantidade de partes comunicados de baixa por enfermidade profesional é máis elevada en mulleres ca en homes. Algunhas patoloxías,

como a síndrome do túnel carpiano, os nódulos nas cordas vocais ou as producidas por axentes biolóxicos, teñen rostro de muller, malia que no real decreto de enfermidades profesionais faltan actividades laborais altamente feminizadas.

A degradación das condicións de traballo fai que aumente a prevalencia das enfermidades por exposición a riscos psicosociais, aínda que non se vexan reflectidas nas estatísticas como continxencias profesionais. Unha organización do traballo tóxica, asentada no reforzamento da capacidade unilateral do empresario, está na base do empeoramento sistémico das condicións laborais mediante un incremento dos ritmos e cargas de traballo. Ademais, aumentan os casos de acoso laboral, manifestación extrema de violencia no ámbito do traballo e unha das formas máis daniñas para a integridade e a saúde, sobre todo nas mulleres, xa que desenvolven o seu traballo en condicións máis precarias e en sectores como sanidade, educación, coitado doméstico ou postos de cara ao público, nos que existe unha maior prevalencia de violencia física e psicolóxica, incluso sexual nalgún deles. Aumentan tamén os casos e a frecuencia de agresións debidos á deterioración dos servizos públicos e esténdese o consumo de fármacos entre a poboación traballadora para poder soportar as condicións cada vez máis precarias, os ritmos e a excesiva carga de traballo.

■ TRABALLO SEGURO É DEFENDER OS TEUS DEREITOS DE FORMA COLECTIVA

A existencia de textos legais que recoñecen dereitos non é suficiente para o seu exercicio efectivo. As traballadoras e os traballadores temos dereitos pero para exercérmolos cómpre defendelos. A acción colectiva configúrase como a única opción. A única alternativa que temos para facer efectivo o exercicio deste dereito constitucional á seguridade e a saúde no traballo é organizármolos coas nosas compañeiras e compañeiros nun sindicato de clase. Está máis ca demostrado, e así o corroboran numerosos estudos, que os centros de traballo con presenza sindical son máis seguros.

Por ese motivo, desde UGT e CCOO animamos as traballadoras e traballadores a que defendan a súa saúde e a súa seguridade no traballo. Se na túa empresa non existe representación legal dos traballadores, acode ao **SINDICATO**.

**POR UN TRABALLO SEGURO:
É A TÚA SAÚDE, É O TEU DEREITO**